

Convocatoria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade para o día 17 de xuño de 2024.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión do 22 de marzo de 2024, durante o mandato 2023-2027 a Comisión informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Na sesión do Pleno do 31 de maio de 2024, acordouse que as sesións das comisións informativas do mes de xuño tivesen lugar o luns, 17 de xuño de 2024.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade en sesión **Ordinaria**, para o **día 17 de xuño de 2024**, ás 18:10 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2024/37Z/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de maio de 2024.

2. 2024/9107E PRESIDENCIA

Moción do BNG para a construción dun instituto de educación secundaria en Barbadás

3. MOCIÓN DE URXENCIA.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

